

CREACIÓN DE PÓSTERS CON GLOGSTER



Glogster
poster yourself


Miguel Mourón Regueira

Índice de contido

1.- Creando unha conta en Glogster.....	3
2.- Creando un póster.....	5
2.1.- Escollendo o modelo.....	5
2.2.- Creando un póster.....	7
2.2.1.- Elementos de texto.....	8
2.2.1.1.- Elementos da barra común.....	11
2.2.1.2.- Elementos do compoñente TEXTO.....	12
2.2.1.3.- Creando un enlace nun texto.....	13
2.2.2.- Elementos gráficos.....	16
2.2.3.- Elementos de imaxe.....	17
2.2.5.- Elemento Wall.....	21
2.2.6.- Elemento Page.....	24
2.2.7.- Elementos de son.....	26
2.2.8.- Elementos de vídeo.....	31
2.2.9.- Elementos con datos.....	35
2.3.- Gardando o póster.....	37
2.4.- Incrustando o póster nun blog ou páxina web.....	39


1.- Creando unha conta en Glogster

Para comezar a traballar con *glogster* crearemos unha conta de usuario na páxina da plataforma. Para iso accederemos á dirección <http://www.glogster.com>. Nesa páxina podemos crear unha conta de usuario para educación (en *glogster edu*):




Ou podemos crear unha conta normal. Agora mesmo as contas para educación son de pago (20\$/ano). Tempo atrás eran gratuítas. A vantaxe das mesmas é que ofrecen certas funcionalidades para traballar cos alumnos que non ofrece a versión normal. De todos xeitos neste manual usaremos a versión simple.

Para iso, unha vez accedemos á páxina poderemos ver algo similar ó seguinte:




Na parte de abaixo podemos ver unha barra para introducir unha serie de datos e darnos de alta. Introducimos na mesma os nosos datos:



The image shows a registration form with four input fields: a text field containing 'docegt', an email field containing 'doce.gt@gmail.com', a password field with six dots, and a 'CREATE ACCOUNT' button. A red arrow points to the 'CREATE ACCOUNT' button.


O *nickname* e *password* podemos poñer o que queiramos. Serán o nome de usuario e contrasinal que usaremos despois para acceder ó servizo. No campo de *email* debemos introducir unha conta de correo para que nos envíen o enlace de activación.

Unha vez introducidos os datos prememos no botón *CREATE ACCOUNT* que se ve na imaxe anterior e apareceranos a seguinte mensaxe:



The image shows a confirmation message from Glogster. The header includes the Glogster logo (BETA), 'Explore', 'Live Pulse', a search bar, and 'Log In or Sign Up' buttons. The main content area has a grey box on the left that says 'Create your Glogster Account'. To the right, it says: 'We sent an email to doce.gt@gmail.com. Please click on the link in the email to activate your account. Don't forget to check your spam folder! If you do not receive an email, [click here to resend](#).' At the bottom left, it says 'Already have an account? [Log In](#)'.


Nela indícanos que nos enviaron un correo para activar a nosa conta. Se accedemos ó noso correo poderemos ver a mensaxe con este contido (entre outras cousas):



The image shows the content of a welcome email. It features a large heading: 'Welcome to Glogster, docegt!'. Below it, the text reads: 'Congratulations — you are now part of the most creative and inspiring community on the web!'. At the bottom, it says: 'Please authorize your email by [clicking here](#).' A red arrow points to the 'clicking here' link.

Faremos *click* no enlace indicado na imaxe de arriba e xa se activará a nosa conta de *glogster*.

Nada máis activar a conta ó facer *click* no enlace anterior xa se nos abrirá unha pantalla onde podemos ver o seguinte:



ACCOUNT SETTINGS

Name

Gender female male

Birth day

Country United States

SAVE CHANGES

Poñemos os nosos datos e prememos en *SAVE CHANGES*. Xa teremos finalizado o proceso de creación da conta en *glogster*.

2.- Creando un póster

Unha vez creada a nosa conta xa nos atopamos na páxina de *glogster* e podemos comezar a traballar.

2.1.- Escollendo o modelo

O primeiro que veremos despois de crear a conta e introducir os nosos datos será unha pantalla coma a seguinte:



Hi, Doce GT CONNECT NOW

Change avatar

0 Glogs 0 Friends 0 Views 0 Fans 50¢ What are G's? GSHOP

CREATE NEW GLOG

Pulse Glogs Community Messages

Choose from the following Glog templates to start:


Poster Glog Wide Glog Flypaper Glog Wanted Glog Pinboard Glog

ALL Glogs Community My history


Nela podemos escoller o modelo de póster co que queremos traballar entre unha lista de opcións que nos presenta.

As dúas primeiras (*Poster Glog* e *Wide Glog*) veñen a ser algo así coma páxinas en branco para comezar a traballar, cambiando unicamente a disposición da folia entre horizontal ou vertical. O resto das opcións son pósters xa medio creados ós que lle podemos facer modificacións nos textos, imaxes, vídeos, ... para adaptalos ó que queremos.

Por exemplo, se escollemos o modelo chamado *Resume Glog*:



veremos o seguinte na pantalla:




Que ven sendo un póster xa creado cunha serie de elementos que podemos modificar para axustalos ó que desexamos ter.

Si atopamos algún modelo que se axeite ó que queremos facer é unha boa opción seleccionalo e traballar a partires do mesmo, xa que nos quita parte do traballo que temos que facer. Si non atopamos nada que nos acabe de convencer sempre podemos crear un póster en branco e ir introducindo os elementos que desexemos.


2.2.- Creando un póster

Para este manual vamos a escoller a opción de *Poster Glog* para traballar sobre un póster baleiro e irémoslle engadindo os elementos que nos interesen.

Ó escoller esa opción veremos o seguinte:




O bocadillo de texto e a frecha son uns elementos de axuda que podemos eliminar si queremos, quedándonos a nosa páxina deste xeito:




A partires de agora pasaremos a introducir os diferentes elementos que nos permite *glogster*.

2.2.1.- Elementos de texto

Os elementos de texto serven xusto para iso: para introducir algún texto no nosos póster. Para inserir un novo elemento debemos seleccionar o tipo do mesmo na barra que podemos ver na interface de *glogster*:




Neste caso seleccionamos a opción *TEXT* tal e como indica a imaxe anterior. Ó premer nesa opción aparecerá a seguinte pantalla:



Nesa pantalla podemos navegar polos diferentes modelos de elementos para texto que nos ofrece *glogster*. Unha vez que atopamos un que nos guste prememos no botón *USE IT*:




Poderemos ver entón o noso elemento de texto engadido na páxina do póster:




Para escribir o texto que queremos que aparezca no elemento unicamente deberemos facer dobre *click* sobre o elemento e aparecerá o seguinte:



Agora poderemos escribir o texto que desexemos e cambiarlle o aspecto (tipo de letra, tamaño, cor, ...):



Se en lugar de dobre *click* facemos un *click* apareceranos o seguinte:



Esa barra de ferramentas permitiranos traballar cos elementos que engadamos. Aparecerá en todos os elementos, independentemente do tipo dos mesmos (imaxe, texto, son, ...). Para cada elemento amosará uns elementos particulares dese tipo (que se poden ver na barra vertical da esquerda), pero algunhas das funcións son comúns a todos os tipos (os da barra horizontal superior).

Vexamos primeiro os elementos comúns.

2.2.1.1.- Elementos da barra común

Os elementos desa barra son os que se poden ver na seguinte imaxe:



Se os miramos de esquerda a dereita, cada un deses botóns serve para o seguinte:



Traer ó fronte. Si este elemento está por detrás de outro ponse por diante para facerse visible.



Levar atrás. Xusto o contrario có anterior. Move para atrás de outro o elemento seleccionado.



Duplicar. Fai unha copia do elemento seleccionado.



Desfacer. Desfai o último cambio que tivésemos feito nese elemento.



Bloquear. Fai que ese elemento quede bloqueado e non se lle poidan facer cambios. Podemos desbloquealo cando desexemos.



Eliminar. Permítenos borrar un elemento que xa non queiramos no noso póster.

2.2.1.2.- Elementos do compoñente **TEXTO**

No caso do compoñente de texto do noso póster vemos a seguinte barra de botóns na parte esquerda do mesmo:



Mirando de arriba cara abaixo as funcións deses botóns serán as seguintes:



Cor. Permite cambiar a cor do compoñente. Non a cor da letra. Para iso temos outro botón que veremos despois.



Enlazar. Permítenos crear un enlace a unha páxina web ou outro elemento no texto, de xeito que ó facer *click* no texto asociado se abra a páxina.



Modificar texto. Permítenos cambiar o texto (tamaño, contido, cor, ...). É o mesmo que facer dobre *click* sobre o compoñente de texto.




Efectos. Permítenos aplicar efectos coma sombras ou transparencias sobre os compoñentes.


Alguns destes elementos aparecerannos tamén noutros tipos de compoñentes. A vantaxe que ofrece *glogster* é precisamente esa, que traballar con distintos tipos de elementos é moi parecido, cambiando unicamente o comportamento dos mesmos en algunhas características específicas (por exemplo, no compoñente texto poderemos modificar o texto, mentres que nun compoñente imaxe o que poderemos modificar é a imaxe que nos vai a amosar).

2.2.1.3.- Creando un enlace nun texto


Para crear un texto que conteña un enlace a unha páxina web, por exemplo, podemos coller o elemento de texto engadido antes e modificalo do seguinte xeito:




Agora premeremos no elemento para que apareza a barra de botóns vista antes:




Prememos no botón para crear un enlace sinalado na imaxe anterior e apareceranos esta pantalla:




Nela seleccionaremos o texto que desexemos que actúe coma hipervínculo á páxina que queremos amosar e escribimos a dirección desa páxina na caixa habilitada para iso:



Agora cando visualicemos o noso póster veremos algo así:




Onde podemos observar como a palabra *Wikipedia* aparece suliñada para indicarnos que é un enlace. Ó facer *click* nesa palabra abrirase a páxina da *Wikipedia* que temos enlazada. De feito, ó pasar o rato por encima da palabra veremos como nos indica que é un enlace:




2.2.2.- Elementos gráficos

Tamén podemos engadir no noso póster elementos gráficos. Eses elementos usarémolos normalmente de xeito decorativo ou para resaltar algún outro elemento.


Por exemplo, supoñamos que queremos engadir un gráfico en forma de frecha que apunte á nota que puxemos antes para chamar a atención sobre ela. Dese xeito resaltamos esa nota sobre outro posibles elementos que haxa no noso póster. Buscamos entón un gráfico de grecha que nos guste:



Seleccionamos neste caso unha frecha que contén unha pequena animación (o cal sabemos polo pequeno texto **ANIMATED** que podemos ver debaixo dela. Na parte dereita veremos unha simulación de como quedará ese elemento unha vez engadido no póster. Prememos no botón co texto *USE IT* para engadilo e colocáremolo onde desexemos no póster:



Se prememos na frecha que acabamos de engadir veremos a caixa de ferramentas da mesma:



Vemos que é similar ó caso do elemento de texto, coa diferenza de que nesta non aparece o botón para modificar o texto (o que é lóxico xa que non hai texto que modificar). O que poderíamos facer en caso de querelo é engadir un hiervínculo a unha páxina web que se abra ó facer *click* na frecha (usando o boton co mesmo debuxo que usamos no caso do elemento de texto).


2.2.3.- Elementos de imaxe

No caso do elemento anterior estábamos a usar uns pequenos gráficos que nos ofrece xa creados *glogster* de xeito decorativo. O elemento imaxe permítenos engadir as nosas propias imaxes (ou imaxes que estean publicadas en Picassa, Flickr, Facebook e outros) no noso póster.


Vexamos un exemplo de como engadir unha imaxe ó noso póster. Neste caso usaremos unha imaxe que atopamos facendo unha busca por Google.

O primeiro paso é facer *click* na opción de *IMAGE* que aparece na barra de ferramentas de


glogster:




Ó premer nese botón apareceranos a pantalla para indicar de onde queremos obter esa imaxe:



A opción de *My Images* é para usar imaxes propias. Si quixésemos usar algunha premeremos no botón *upload* que podemos ver xusto enriba e subiríamos a imaxe a usar:




Neste caso queremos buscar unha imaxe en *Google* para engadila, polo que premeremos na opción *Google*:




No campo de texto onde vemos escrito “*Search for images*” na pantalla anterior introduciremos o termo de busca en *Google* para que nos atope imaxes:




Prememos agora a tecla de *Intro* no teclado e realizarase a busca, amosando os resultados da mesma:



Seleccionamos agora a imaxe que queremos engadir e poderemos vela na parte dereita desa pantalla lista para engadir:



De todos xeitos, antes de engadila observamos que temos debaixo da imaxe un botón rotulado co texto *ADD FRAME*. Se prememos nese botón poderemos escoller un *marco* para a imaxe:




Unha vez seleccionado o marco se o desexamos premeremos en *USE IT*. Dese xeito

teremos engadida a nosa foto no póster:



Se prememos na imaxe apareceranos a barra de ferramentas da mesma onde teremos as mesmas opcións que no caso dos elementos gráficos e unha nova que nos permitirá eliminar o marco:



Debemos ter en conta que si eliminamos o marco non poderemos volver a engadirlo. Se queremos volver a poñerlle un marco debemos eliminar a imaxe e volver a engadila.


2.2.5.- Elemento Wall

O botón que vemos na barra de ferramentas rotulado coma *WALL* non serve para engadir un elemento do mesmo xeito que os vistos hasta agora.




Ese elemento serve para poñer o fondo que desexemos no noso póster. É algo decorativo pero que pode facer máis atractivo o póster dándolle algo de estilo.


Ó premer nel apareceranos a seguinte pantalla:




Igual que no caso das imaxes podemos usar imaxes propias (subíndoas ou engadíndoas a *My Images* dende o botón *IMAGE* usado no apartado anterior) ou de algunha páxina de internet coma *Google* ou *Picassa*. Tamén nos ofrece opcións para usar un color de fondo (que é o que temos hasta o de agora neste exemplo) ou utilizar fondos dunha galería que nos ofrece *glogster*. Neste caso usaremos algún fondo desa galería. Prememos entón en *Gallery* e vemos o seguinte:




Esas son as categorías que nos ofrece *glogster* para os fondos. Escollemos a opción *Papers* e vemos que fondos temos nela, por exemplo:



Prememos nun deses fondos e veremos o fondo seleccionado na dereita:



Agora prememos en *USE IT* e vemos o resultado:




2.2.6.- Elemento Page

Este é un elemento parecido ó anterior, coa diferenza de que en lugar de cambiar o fondo do noso póster cambiamos o fondo do navegador (o que se ve por detrás do noso póster).


Agora mesmo se entramos no noso póster podemos ver o seguinte:



Vemos o noso póster sobre un fondo branco. Se no modo edición do póster escollemos a opción *PAGE* veremos a seguinte pantalla:



Vemos que é igual que no caso de *WALL*, de feito fan o mesmo. A diferenza é que agora estaremos a cambiar o fondo do navegador en lugar do fondo do noso póster. Escollemos un fondo que nos guste:




Prememos no botón *USE IT* e vemos o resultado:




2.2.7.- Elementos de son

Para engadir un son na nosa páxina podemos facelo dende un ficheiro propio (coma un mp3) ou buscar un ficheiro de son en internet e introducir o enlace ó mesmo.

Supoñamos, por exemplo, que estamos a facer un póster relacionado co Nadal e queremos engadir un tema típico desas datas no noso póster. Podemos subir coa opción *upload* un mp3 que teñamos no noso PC, pero neste caso imos facer uso de *Google* de novo para atopar o que queremos. O problema que temos é que cando prememos na opción de *AUDIO* en *glogster* e prememos en *link* para engadir o enlace parécenos isto:



Nesa pantalla debemos introducir un enlace a un ficheiro, e non nos da a opción de facer a busca en *Google* coma no caso das imaxes. Por iso, primeiro iremos á páxina do buscador de *Google* e buscamos algún mp3 de cancións de Nadal. Introducimos por exemplo o seguinte no buscador:



Esa busca atoparanos sitios de internet cos ficheiros mp3 desexados:

Google

Web Imágenes Maps Shopping Más ▾ Herramientas de búsqueda

Aproximadamente 24.800 resultados (0,11 segundos)

[Index of /mydj/musica/novenasAguinaldos/villancicos](#)
www.aidia-e.com/mydj/musica/.../villancicos/
Index of /mydj/musica/novenasAguinaldos/villancicos ... Gatatumba.mp3 · Los ninnos cantores de navidad - A belen pastores.mp3 · Los ninnos cantores de ...

Index of /contenido/galeria_audio/mp3/villancicos
emprendo.udec.cl/contenido/galeria.../mp3/villancicos/
Index of /contenido/galeria_audio/mp3/villancicos. Icon Name Last modified Size ...
a_ro_ro_mi_nino.mp3 02-Dec-2007 18:55 3.8M [SND] alegria_alegria.mp3 ...

[Index of /particular/emule/MusicaComprimida/Villancicos](#)
skerzo.dyndns.org/particular/emule/.../Villancicos/
500 Villancicos, Christmas, letra, mp3 y acordes.rar, 06-Nov-2007 12:09, 2.2G. [],
Bing Crosby & Pat Boone - White Christmas.zip, 10-Nov-2006 01:45, 96M ...


[Index of /DATA/navidad_canciones/noche_de_paz](#)
audioconectate.net/DATA/navidad.../noche_de_paz/
Parent Directory · 01 Felices Fiestas.mp3 · 02 Burrito sabanero.mp3 · 03 Jingle Bells.mp3 · 04 Aires navidenos.mp3 · 05 Popurri de villancicos.mp3 · 06 Nino ...

Facemos *click* por exemplo na segunda entrada e veremos un listado de temas en mp3:


Index of /contenido/galeria_audio/mp3/villancicos

<u>Name</u>	<u>Last modified</u>	<u>Size</u>	<u>Description</u>
Parent Directory		-	
a belen va una burra..>	03-Dec-2008 14:31	2.7M	
a la huella a la hue..>	02-Dec-2007 18:54	4.3M	
a ro ro mi nino.mp3	02-Dec-2007 18:55	3.8M	
alegria alegria.mp3	02-Dec-2007 17:51	1.0M	


Facemos *click* co botón dereito no que desexemos e copiamos a ruta a ese ficheiro:




Agora volvemos a *glogster* e pegamos esa ruta na pantalla que tiñamos aberta:



Prememos en *ADD TO MY FILES* e aparecerá o seguinte:




Podemos ver agora esa canción engadida á nosa lista de música. Si queremos eliminala premeremos no botón cunha **X** que ten na esquina. Neste caso vamos a engadila ó póster. Prememos co rato nela e aparecerá o seguinte:



Vemos que, ó igual que no caso das imaxes que nos permitían engadir un marco, no caso dos ficheiros de son permítenos elixir o reprodutor que queremos usar. Prememos no botón *PLAYERS* para escoller un e aparecerá o seguinte:




Navegando polas diferentes categorías buscamos o reprodutor que máis nos guste e premeremos no botón *USE IT* para engadilo:



Unha vez engadido na nosa páxina podemos colocalo onde desexemos:




Cando visitemos o póster poderemos premer no botón de *Play* para reproducir a canción. Nese caso aparecerán uns botóns para poder poñer en pausa ou deter a reprodución:



2.2.8.- Elementos de vídeo


Si queremos engadir vídeos os pasos son similares ós que seguimos para engadir un son. A diferencia é que agora xa podemos realizar a busca dos mesmos desde *glogster* sen ter que saír a *Google*:




Vemos que se escollemos a opción de *YouTube* aparecen unhas categorías para buscar vídeos ou podemos escribir un termo de busca e que atope vídeos relacionados, do mesmo xeito que

fixemos coas imaxes.


Si xa temos localizado un vídeo en *YouTube* que nos gusta tamén podemos engadilo. Por exemplo, si estamos en *YouTube* e vemos este vídeo:




Para engadilo ó noso póster o único que temos que facer é copiar o enlace do mesmo:




Agora na páxina de *glogster* escollemos a opción de *VIDEO* e prememos en *link*:




Aparecerá a seguinte pantalla onde introduciremos ese enlace:




Prememos agora en *ADD TO MY FILES* e teremos o seguinte:



Vemos que é similar ó caso dos sons. Se pulsamos encima do vídeo veremos a mesma pantalla para escoller o reprodutor:



Escollemos o reprodutor que desexemos e prememos en *USE IT* para engadir o vídeo ó noso póster:




O resultado será o seguinte:



2.2.9.- Elementos con datos


O último dos elementos que imos a ver é un que nos permite engadir datos ó noso póster (coma ficheiros, por exemplo).

Si queremos que os visitantes do noso póster poidan descargar ficheiros *pdf* ou en outros formatos dende o mesmo poderemos engadilos usando este elemento. Para iso prememos en *DATA* na barra de ferramentas e aparecerá a seguinte pantalla:




Nesa pantalla podemos poñer un enlace a un ficheiro de internet (coa opción *link*) ou subir os nosos propios ficheiros. Normalmente usaremos este elemento para esa última opción, polo que veremos os pasos para facelo.


Supoñamos que temos un *pdf* chamado “*Coidados dos gatos.pdf*” no noso PC e queremos subilo ó póster. Prememos entón no botón de *upload*:



Aparecerá a pantalla típica do noso sistema para seleccionar un ficheiro. Buscaremos o ficheiro a engadir e aceptaremos:



Unha vez feito iso podemos ver o noso ficheiro subido:



Para usalo non temos máis que premer nel e logo no botón *USE IT*. Aparecerá no noso póster coma un adxunto. Para poder velo temos que ir á parte inferior do póster e veremos un botón na dereita:



Ó facer *click* nese botón aparecerá a seguinte pantalla:




Ó facer *click* no clip abrirase o noso *pdf*.


2.3.- Gardando o póster

Cos pasos anteriores vimos como engadir os diferentes elementos ó noso póster. Botándolle un pouco de creatividade podemos facer pósters realmente vistosos.


Unha vez que teñamos finalizado o traballo premeremos no botón *SAVE* que aparece na parte superior da páxina para gardalo:



Aparecerá unha pantalla para darlle nome ó póster. Introduciremos o que queiramos:



Prememos no botón *CONTINUE SAVING* e aparecerá esta pantalla:



Nela poderemos poñerlle *tags* ou etiquetas ó noso póster se o desexamos e facer que sexa visible para todo o mundo (*public*) ou unicamente para nós (*private*). Neste caso escolleremos a opción *PUBLIC* xa que queremos que sexa visible para todo o mundo:

Prememos en *FINISH SAVING* e aparecerá a seguinte pantalla:



Nesta pantalla temos o enlace que temos que colgar na nosa páxina web para que a xente poida acceder ó noso póster. Prememos en *COPY LINK* e pegámolo onde desexemos.

Podemos tamén ver como quedou o póster premendo en *VIEW THIS GLOG*. Aparecerá a seguinte pantalla:




No botón indicado na imaxe de arriba (esquina superior dereita) podemos ver o noso póster a pantalla completa.


2.4.- Incrustando o póster nun blog ou páxina web

Se estamos a traballar nun *blog* ou outro tipo de páxina web e queremos incrustar nela o noso póster de xeito similar a como podemos facer cos vídeos de *YouTube* podemos facelo sen problema.

Entrando na dirección do póster que acabamos de obter no punto anterior vemos o noso póster. Si imos á parte inferior do mesmo veremos o seguinte:



Vemos un enlace que pon *Embed this Glog*. Premendo nel aparece o seguinte:



Escollemos o tamaño co que queremos incrustar o póster no noso sitio web e prememos no botón *COPY* axeitado. Logo imos ó noso *blog* ou páxina web e pegamos ese código do mesmo xeito que faríamos con un vídeo de *YouTube*.

